

Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos.

A vitoria de Filipe V (1700-1746) na Guerra de Sucesión significou a entronización dos Borbóns na monarquía española. Os reis da nova dinastía procuraron durante o século XVIII construír un novo modelo de Estado, uniformizador e centralizador, e impulsar o absolutismo real segundo o modelo da Francia de Luis XIV. A estes intencións responderon: o crecente papel das **Secretarías de Despacho**; a parella redución das competencias dos **consellos** reais, agás o de Castela, que veu incrementadas as súas; a introdución da figura do **intendente** como representante directo do monarca nas provincias; as **reformas militares**; as **pretensións regalistas**.

Os Decretos de Nova Planta.

Neste contexto, o triunfo borbónico significou tamén unha radical transformación de modelo político dos reinos da Coroa de Aragón: do tradicional pactismo pasaron a un forte absolutismo real. O instrumento para conseguilo foron os **Decretos de Nova Planta**, disposicións promulgadas entre 1707 (Aragón e Valencia) e 1715-1716 (Cataluña e Mallorca). Estas medidas xustificáronse en base ao dereito de conquista e como castigo pola súa rebelión (o apoio á causa austracista). Entre os cambios introducidos destacan:

- **Suprimíronse as institucións particulares** destes reinos (Cortes, Deputacións, administracións fiscais, órganos municipais). As principais cidades da Coroa de Aragón puideron designar representantes ás Cortes de Castela, reducidas a un papel simbólico. Estendeuse aos municipios destes reinos o sistema castelán de corrixidores e rexedores perpetuos.
- **Elimináronse das reservas de naturalidade**, que obrigaban ao monarca a designar a naturais de cada reino para a súa administración interna.
- **Xeralizouse o dereito penal castelán**. Mantívose, sobre todo en Cataluña, o dereito civil tradicional e conservouse a lexislación foral naqueles aspectos en que era máis beneficiosa que a castelá para o poder real.
- **Reformáronse as Audiencias**. Incluíron maxistrados designados polo monarca de orixe maioritariamente castelá e o castelán converteuse en lingua de uso obrigado ante elas. O seu rango veuse reducido ao converterse en instancias inferiores ás Chancelerías e ao Consello de Castela.

Consecuencias.

Os antigos reinos quedaron en simples provincias. O Consello de Aragón foi suprimido (1707). Os vicerreis foron substituídos por **capitáns xenerais** con amplas competencias militares e gobernativas. Introduciuse a figura do intendente.

Elimináronse as **alfándegas** entre os diferentes reinos da monarquía, o que posibilitaría o acceso dos produtos cataláns ao mercado castelán e colonial.

Coa intención de harmonizar as cargas fiscais destes reinos coas soportadas por Castela, engadiuse un **novo imposto** que, polo menos inicialmente, resultou moi gravoso. En Cataluña, o tributo, baseouse nun rexistro xeral de patrimonios e rendas, o **catastro** promovido polo intendente José Patiño. O novo sistema fiscal resultou máis eficaz e, quizais, máis xusto. Por iso, o marqués da Ensenada, ministro de Fernando VI (1746-1759) intentou trasladar este modelo tributario á Coroa de Castela. Diversos problemas, incluída a oposición dos privilexiados, frustraron este proxecto que nos deixou a extraordinaria masa documental do *catastro de Ensenada* (1749-1756).

Malia todo, a **homoxeneización institucional da monarquía foi incompleta**. A fidelidade das elites vascas e navarras cara Filipe V foi recompensada co mantemento das súas particularidades xurídicas e institucións forais (Cortes en Navarra, Xuntas Xerais e Deputacións en Álava, Guipúscoa e Biscaia). Conserváronse tamén as alfándegas co resto da Coroa de Castela. Mantívose, polo tanto, a distinción entre os territorios de réxime común e os de réxime foral.